

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### SILLEDA

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *ORDENANZA MUNICIPAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA*

Tras a aprobación inicial polo Pleno da Corporación da Ordenanza municipal de normalización lingüística do Concello de Silleda, na sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2016, e dado que durante o período de información pública non se presentaron reclamacións, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, enténdese definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. De conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 procédese á publicación do texto íntegro de dita ordenanza.

#### *PREÁMBULO*

A principal manifestación da identidade cultural dun pobo é a súa lingua. A constitución española establece no artigo 3 que como tal patrimonio cultural "será obxecto de especial respecto e protección". O artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía desenvolve aínda máis o precepto ao encomendarlle aos poderes públicos de Galicia que garantan o uso normal e oficial da lingua galega —xuntamente co castelán— e potencien o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa "e disporán —engade— os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento". Cando un Estatuto de Autonomía outorga carácter oficial á súa lingua, está impoñendo obrigas aos poderes públicos autonómicos. Ós poderes públicos impónselle o recoñecemento da lingua como medio normal de comunicación entre eles e na súa relación cos suxeitos privados, con plena validez e efectos xurídicos. Esta é a xurisprudencia do Tribunal Constitucional recollida no fundamento xurídico segundo da Sentencia 82/1986.

A Lei de Normalización Lingüística de Galicia no artigo 6.4 establece que "A Xunta dictará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As Corporacións Locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei". En virtude do disposto naquel precepto legal o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 5/1988, do 21 de xuño do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, que dá cumprimento ao mandato estatutario. En Galicia, onde a inmensa maioría da poboación fala ou entende a súa lingua, as Corporacións Locais poden e deben desenvolver accións encamiñadas a recuperar o uso do noso idioma para os usos administrativos.



Por considerarmos que as razóns expostas abondan para cambiar as actitudes lingüísticas propónselle ao Pleno do Concello a aprobación da seguinte:

## ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### *CAPÍTULO PRIMEIRO.—Do uso oficial do idioma*

#### *Artigo I*

O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de Silleda, como tamén o castelán, lingua oficial en todo o Estado.

Sempre que neste documento apareza a denominación Concello de Silleda ten que entenderse que se está a referir tamén a todas as unidades funcionais que o compoñen.

Os cidadáns e as cidadás teñen dereito a ser atendidos/ as e obter copia ou recibir notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.

As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal terán plena validez e eficacia.

### *CAPÍTULO SEGUNDO.—Resolucións e documentación administrativa*

#### *Artigo II*

2.1 A Alcaldía e a Corporación, e tamén as diversas dependencias ou servicios, redactarán en lingua galega os dictames, informes e propostas que teñan que someterse á decisión ou coñecemento de calquera órgano corporativo municipal.

2.1 Serán redactadas en galego:

As convocatorias de sesións de todos os órganos colexiados da Corporación e nomeadamente as do Pleno, Comisións de Goberno, Comisións Informativas, Consellos Sectoriais e Tribunais de oposicións e concursos.

As actas das sesións dos anteditos órganos municipais.

As resolucións do/a alcalde/sa, dos/as concelleiros/as e o seu Libro de Rexistro.

2.2 A documentación administrativa que dea lugar á adopción dos acordos e resolución referidos no artigo anterior tamén será redactada e tramitada en galego, idioma no que se elaborarán os modelos de documentación e impresos. A Administración facilitará modelos en castelán a quen así o demandase.



2.3 Os documentos contractuais subscritos polo Concello serán redactados en galego. Se a outra parte contratante tivese un negocio que debера producir efecto fóra da Comunidade Autónoma, tamén será redactado en castelán.

2.4 Redactaranse en galego os documentos académicos, de xestión de persoal, informes, documentos contábeis e de xestión xeral, así como os oficios, citacións, convites, etc.

2.5 Nos rexistros administrativos do Concello de Silleda os asentos faranse en galego, sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983.

### *CAPÍTULO TERCEIRO.—Do uso do galego na organización municipal*

#### *Artigo III*

3.1 Os rótulos indicativos de oficinas e despachos, as cabeceiras de toda clase, impresos, os selos de goma, os mataselos e outros elementos análogos han de estar escritos en galego.

3.2 As aplicacións e programas informáticos han estar adaptados para o funcionamento en lingua galega.

#### *Artigo IV*

4.1 Cando o Concello encargue estudos a terceiros, proxectos e traballos análogos, cando sexan persoas físicas ou xurídicas con domicilio en Galicia, demandará que sexan realizados en galego.

4.2 O Concello requiriralles ós seus contratistas e provedores, cando sexan persoas físicas ou xurídicas con domicilio en Galicia, a presentación da documentación en galego e que, na máxima medida posible fagan uso do galego nos bens e nos servizos que sexan obxecto do contrato. Estes requisitos han de constar no prego de condicións dos contratos administrativos que aprobe o Concello.

### *CAPÍTULO CUARTO.—Das relacións coas e cos administrados*

#### *Artigo V*

5.1 Todos os expedientes administrativos do Concello de Silleda tramitaranse en lingua galega.

5.2 Sempre que calquera interesado o solicite formalmente entregaráselle os documentos que lle afecten ou interesen na lingua oficial que demandase. En calquera caso non se interromperá a tramitación en galego.



5.3 As comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas ou xurídicas residentes no ámbito lingüístico de Galicia faranse en lingua galega, sen prexuízo do dereito dos cidadáns a recibilas, se o demandan formalmente, en castelán.

5.4 Os expedientes que deban ter algúns ou todos os efectos fóra do territorio no que a lingua galega é idioma oficial, faranse tamén en galego e castelán, coa indicación neste último de que o texto é tradución do orixinal galego, e achegando, no caso de ser posible, a tradución na lingua propia ou oficial da administración respectiva.

#### *Artigo VI*

6.1 Os impresos ofreceráanse en versión galega, sen prexuízo do dereito dos particulares a cubrilos en castelán. O Concello facilitará a tradución ó castelán daqueles impresos que así se soliciten.

#### *Artigo VII*

7.1 Só se farán impresos bilingües cando algunha circunstancia especial así o requira. O texto galego figurará sempre de forma preferente.

#### *Artigo VIII*

8.1 Nas súas comunicacións administrativas orais, o persoal do Concello empregará a lingua galega, a non ser que o/ a administrado/ a demande expresamente ser atendido/ a en castelán.

#### *Artigo IX*

9.1 Os documento públicos e os contractuais outorgados polo Concello redactaránse sempre en galego. No caso en que o Concello concorra xunto con outros outorgantes, o documento redactarase tamén na lingua que se acorde e, se fose o caso, o Concello solicitará unha copia auténtica en galego para incorporala no expediente.

### *CAPÍTULO QUINTO.—Das relacións institucionais*

#### *Artigo X*

10.1 A documentación que o Concello dirixa a calquera das Administracións Públicas sitas no territorio galego redactaranse en lingua galega.

10.2 As comunicacións do Concello dirixidas á Administración civil ou militar do Estado e á Xustiza dentro do ámbito lingüístico galego redactaranse en lingua galega, independentemente do feito que esta documentación ou os expedientes que con ela se relacionen teñan o seu efecto fóra deste ámbito.



*Artigo XI*

11.1 Os documentos do Concello dirixidos ás administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tamén se redactarán en galego e castelán, coa indicación neste último caso de que o texto é traducción do orixinal galego, e achegando no caso de ser posible, a traducción na lingua propia ou oficial da administración respectiva.

11.2 As copias dos documentos do Concello en galego que deban de enviarse a administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tramitaranse en galego e castelán, coa indicación neste último caso de que o texto é traducción do orixinal galego, e achegando, no caso de ser posible, a traducción na lingua propia ou oficial da administración respectiva.

*Artigo XII*

12.1 Respecto ós documentos dirixidos directamente ós organismos centrais de ámbito estatal ou supraestatal, o Concello aterase ó que prevén as disposicións vixentes, redactándoos sempre que sexa posible en galego.

*CAPÍTULO SEXTO.—Dos avisos, publicacións e actividades públicas**Artigo XIII*

13.1 Os anuncios oficiais da corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia, ou en calquera outro medio de comunicación radicado no territorio da nosa comunidade autónoma serán redactados en galego. Fóra do ámbito lingüístico galego, a publicación será dobre.

*Artigo XIV*

14.1 Os libros, as revistas e, en xeral, e todos os carteis e publicacións que edite o Concello de Silleda, como tamén as mensaxes que se emitan a través dos medios de comunicación, faranse en galego, agás aqueles destinados especificamente á promoción exterior, que se poderán facer na lingua dos destinatarios.

14.2 Fóra do ámbito lingüístico galego a publicidade farase sempre en versión dobre: galego e castelán.

*CAPÍTULO SÉTIMO.—Atención ó público**Artigo XV*

15.1 Os servicios da oficina de información e demais unidades administrativas que teñan una relación co público máis intensa promoverán o uso do idioma galego, mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación e información ós cidadáns dos seus dereitos



lingüísticos, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación. O disposto no seguinte artigo tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten servizos públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto.

#### *CAPÍTULO OITAVO.—Topónimos, sinalizacións e rótulos*

##### *Artigo XVI*

16.1 Conforme ó disposto no artigo 10 da Lei 3/ 1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do Concello de Silleda é a galega.

##### *Artigo XVII*

17.1 Os rótulos, sinalizacións da Casa do Concello, dos outros edificios e servizos públicos e da rede viaria municipal dependente do Concello ou instalada polas súas empresas adjudicatarias ou concesionarias ou calquera outra entidade serán redactados en idioma galego. Cando o interese en xeral o requira, tamén poderán redactarse en outros idiomas.

#### *CAPÍTULO NOVENO.—Impulso da lei de normalización lingüística*

##### *Artigo XVIII*

18.1 Ademais da aprobación deste regulamento cómpre prever accións que permitan facer un seguimento e unha avaliación da aplicación do mesmo, no marco xeral do proceso de normalización lingüística na Administración Municipal de Silleda. Crearase unha comisión de seguimento que se reunirá como mínimo con carácter anual na que estarán representados o Concello, a través da persoa responsable da área de Normalización Lingüística e representantes do persoal.

##### *Artigo XIX*

19.1 A dinamización lingüística promove e apoia actuacións que favorezan a normalización do galego no Concello de Silleda, mediante de difusión de material terminolóxico de apoio no ensino, comercio, mocidade, sanidade, os ámbitos empresarial, socio-cultural e deportivo... e en xeral a toda a sociedade, deseño de campañas propagandísticas de normalización, etc. As citadas actuacións respectarán en todo caso o marco competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Silleda, 1 de abril de 2016.—O Alcalde, Manuel Cuiña Fernández.

